

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESULTADOS DEFINITIVOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE MONITOR DEPORTIVO-ADESTRADOR A XORNADA PARCIAL ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE DEPORTES E CULTURA, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL E CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE:2021/G003/000696

Exp. Persoal: 2021/E001/000008

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Mediante resolución da alcaldía núm. 708/2020 do 18/12/2020 apróbbase a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal para o ano 2020 do Concello de Curtis (BOP nº 220 do 23/12/2020 e DOG nº 258 do 24/12/2020), na cal está incluída unha praza monitor deportivo-adestrador a xornada parcial adscrita ao departamento de deportes e cultura.

Mediante resolución da alcaldía nº 166/2021 do 17/03/2021 (BOP nº 55 do 24/03/2021) apróbanse as bases xerais que regularán as convocatorias dos diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Curtis incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2020.

Mediante resolución da alcaldía núm. 217/2021 do 08/04/21 (BOP nº 72 do 20/04/2021; DOG nº 89 do 12/05/2021 e BOE nº 117 do 17/5/2021) apróbanse as bases específicas dos procesos selectivos incluídas na oferta de emprego de estabilización, concedendo un prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, de conformidade co previsto na Base 5ª.6 das Bases Xerais.

Mediante resolución da alcaldía núm. 393/2021 con data 25/06/21 aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Mediante resolución da Alcaldía núm. 556/2021 de data 31/08/21 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal cualificador, lugar e data de celebración das probas.

As probas tiveron lugar nas oficinas municipais sitas en Curtis o pasado 21/09/21 e 23//21, segundo consta nas actas do tribunal cualificador expedidas a tal efecto.

Unha vez finalizadas as probas, o tribunal cualificador propón o nomeamento de don Santiago Fernández Linares, con DNI *613B, así coma a formación dunha listaxe de contratación cos restantes aspirantes que superaron o proceso selectivo, de conformidade coa base décimo sétima das bases xerais. O aspirante proposta presenta a documentación requirida para a súa contratación en tempo e forma.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo dun monitor deportivo-adestrador a xornada parcial, laboral fixo, adscrito ao departamento de deportes e cultura:

ORDE	DNI	Apelidos e Nome	1 ^a proba	2 ^a proba	Concurso	Nota final
1	*613B	Fernández Linares, Santiago	21,87	25,5	34	81,37
2	*855F	Lorenzo Solla, Amando	21,75	25,5	18,75	66,00
3	*742S	Peral López, Daniel	26,25	22,5	0	48,75

SEGUNDO.- Aprobar a contratación de don Santiago Fernández Linares, con DNI *613B coma monitor deportivo-adestrador a xornada parcial, persoal laboral fixo, adscrito ao departamento de deportes e cultura, dende o 16/10/21, así coma proceder á súa adscrición definitiva ao posto de traballo con código 06.00.00.05.

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte listaxe de contratación:

ORDE	DNI	Apelidos e Nome
1 ^o	*855F	Lorenzo Solla, Amando
2 ^o	*742S	Peral López, Daniel

CUARTO.- Dar publicidade á presente resolución mediante anuncio no taboleiro de anuncios, taboleiro electrónico, páxina web (www.curtis.gal), así coma inxerir anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial Provincial.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á interesada e ao departamento de persoal aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez